

Xoves, 3 de xullo de 2025

Núm. 126

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VILAGARCÍA DE AROUSA

Subvencións e axudas

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO FORME 2024, DIRIXIDO A EMPRESAS DO ÁMBITO DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO

EXTRACTO DE LA CONVOCATORIA DE AYUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS A LA CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CUENTA AJENA DE LAS PERSONAS PARTICIPANTES EN EL TALLER DE EMPLEO FORME 2024, DIRIGIDO A EMPRESAS DEL ÁMBITO DE LA FORMACIÓN IMPARTIDA POR LOS TALLERES DUALES DE EMPLEO

BDNS(Identif.): 843258

De conformidade con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/843258>)

OBJETO Y FINALIDAD

1. Los incentivos a la contratación temporal por cuenta ajena tienen por finalidad facilitar la empleabilidad y ocupabilidad de las personas participantes en los talleres duales de empleo, financiados a través de la convocatoria 2024 de ayudas y subvenciones a Talleres duales de empleo, por la Consellería de Promoción del Empleo e Igualdad.

2. La contratación temporal tendrá una duración mínima de 3 meses.

3. Jornada de la contratación temporal será a tiempo completo.

BENEFICIARIOS

Podrán ser entidades beneficiarias de los incentivos a la contratación las personas empleadoras y las empresas, cualquiera que sea la forma jurídica que adopten, incluidas las personas autónomas, las sociedades civiles y las comunidades de bienes, aunque carezcan de personalidad jurídica, para ocupaciones del ámbito de las materias impartidas en los talleres de empleo, y que contraten trabajadoras o trabajadores por cuenta ajena para prestar servicios en centros de trabajo radicados en el ámbito territorial de Galicia.



Xoves, 3 de xullo de 2025

Núm. 126

CUANTÍA DE LOS INCENTIVOS

Los contratos se incentivarán con una subvención fija de 1.500 € por cada trabajador/a, correspondiente al contrato mínimo de 3 meses a jornada completa.

Los beneficios establecidos a la contratación en este programa no podrán, en concurrencia con otras ayudas públicas para la misma finalidad, superar el 100% del coste salarial de las mensualidades objeto de subvención.

Las Bases de la convocatoria están publicadas en el BOPPO de la Provincia de Pontevedra.

PLAZOS Y SOLICITUDES.

Las solicitudes de ayuda deberán presentarse en el plazo de un mes a partir de la publicación del presente extracto de la convocatoria en el BOPPO de Pontevedra por conducto de la BDNS.

Las solicitudes deberán presentarse a través de la sed electrónica del Ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa, mediante instancia general a la que se adjuntará el modelo normalizado que será publicado en la sed electrónica del Ayuntamiento de Vilagarcía de Arousa (sede.vilagarcia.gal), junto con la siguiente documentación:

- a) Copia del DNI, NIE o NIF de la empresa, y poder suficiente para actuar en nombre de la entidad.
- b) Declaración del personal de todos los centros de trabajo de la empresa en Galicia en el mes anterior al mes de publicación de la presente convocatoria.
- c) Declaración responsable de que posee la capacidad administrativa, financiera y operativa para cumplir las condiciones de la ayuda.
- d) Certificado de titularidad de cuenta bancaria para el ingreso de la subvención

Las acciones incluidas en esta convocatoria serán financiadas con cargo a la aplicación presupuestaria 2412-470 del Presupuesto municipal vigente, ascendiendo la cuantía máxima de la convocatoria a 30.000 € equivalente a la previsión de una ayuda de 1.500 euros por alumno participante en el obradoiro, contratado.

Vilagarcía de Arousa, 01/07/2025

Alberto Varela Paz,

Alcalde-presidente.



Xoves, 3 de xullo de 2025

Núm. 126

EXTRACTO DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A TRAVÉS DE INCENTIVOS Á CONTRATACIÓN TEMPORAL POR CONTA ALLEA DAS PERSOAS PARTICIPANTES NO OBRADOIRO DE EMPREGO FORME 2024, DIRIXIDO A EMPRESAS DO ÁMBITO DA FORMACIÓN IMPARTIDA POLOS OBRADOIROS DUAIS DE EMPREGO

BDNS(Identif.): 843258

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (<https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/843258>)

OBXECTO E FINALIDADE

1. Os incentivos á contratación temporal por conta allea teñen por finalidade facilitar a empregabilidade e ocupabilidade das persoas participantes nos obradoiros duais de emprego, financiados a través da convocatoria 2024 de axudas e subvencións a Obradoiros duais de emprego, pola Consellería de Promoción do Emprego e Igualdade.

2. A contratación temporal terá unha duración mínima de 3 meses.

3. A xornada da contratación temporal será a tempo completo.

BENEFICIARIOS

Poderán ser entidades beneficiarias dos incentivos á contratación as persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas, as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica, para ocupacións do ámbito das materias impartidas nos obradoiros de emprego, e que contraten traballadoras ou traballadores por conta allea para prestar servizos en centros de traballo radicados no ámbito territorial de Galicia.

CONTÍA DOS INCENTIVOS

Os contratos incentivaranse cunha subvención fixa de 1.500 € por cada traballador/a, correspondente ao contrato mínimo de 3 meses a xornada completa.

Os beneficios establecidos á contratación neste programa non poderán, en concorrencia con outras axudas públicas para a mesma finalidade, superar o 100% do custo salarial das mensualidades obxecto de subvención.

As bases da convocatoria están publicadas no BOPPO da Provincia de Pontevedra.



Xoves, 3 de xullo de 2025

Núm. 126

PRAZOS E SOLICITUDES.

As solicitudes de axuda deberán presentarse no prazo de un mes a partir da publicación do presente extracto da convocatoria no BOPPO de Pontevedra por conduto da BDNS.

As solicitudes deberán presentarse a través da sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa, mediante instancia xeral á que se anexará o modelo normalizado que será publicado na sede electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa (sede.vilagarcia.gal), xunto coa seguinte documentación:

- a) Copia do DNI, NIE ou NIF da empresa, e poder suficiente para actuar en nome da entidade.
- b) Declaración do persoal de todos os centros de traballo da empresa en Galicia no mes anterior ao mes de publicación da presente convocatoria.
- c) Declaración responsable de que posúe a capacidade administrativa, financeira e operativa para cumprir as condicións da axuda.
- d) Certificado de titularidade de conta bancaria para o ingreso da subvención

Para o caso de que na data de presentación da solicitude estivese xa formalizada a contratación obxecto de subvención, deberá aportar a seguinte documentación, acreditativa da mesma:

- a) Declaración complementaria da presentada coa solicitude, do conxunto das axudas solicitadas, tanto as aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución, para a mesma finalidade das distintas administracións públicas competentes ou outros entes públicos ou, no seu caso, unha declaración de que non solicitou nin percibiu outras axudas ou subvencións, segundo o modelo do anexo.
- b) Copia dos contratos de traballo obxecto de subvención.
- c) Documento acreditativo do alta dos traballadores no réxime correspondente da SS.

As accións incluídas nesta convocatoria serán financiadas con cargo á aplicación orzamentaria 2412-470 do Orzamento municipal vixente, ascendendo a contía máxima da convocatoria a 30.000 € equivalente á previsión dunha axuda de 1.500 euros por alumno participante no obradoiro, contratado.

Vilagarcía de Arousa, 01/07/2025

Alberto Varela Paz,

Alcalde - presidente.

